



INSTRUCCIÓN A TER EN CONTA PARA EFECTUAR A MATRÍCULA

BACHARELATO TELEMÁTICO SEMIPRESENCIAL e A DISTANCIA

IES SAN CLEMENTE

Curso 2016-2017

1.- Requisitos para o acceso:

- Idade: poderá matricularse calquera persoa maior de dezoito anos ou que os cumpra antes do 31 de decembro de 2016, e aquelas persoas maiores de dezaseis anos que acrediten documentalmente causas excepcionais (traballo, saúde, deportistas de alto nivel, estudantes de música e danza) que lles impidan asistir a un centro presencial.
- Académicos para 1º de Bacharelato:
 - ✓ Título de Graduado en Secundaria.
 - ✓ Título de Técnico correspondente á Formación Profesional específica de grao medio, Técnico Auxiliar de Formación Profesional de Primeiro Grao ou Técnico deportivo, tras cursar as ensinanzas deportivas de grao medio.
 - ✓ Ter aprobado 2º de BUP ou como máximo dúas materias pendentes no conxunto dos dous cursos.
 - ✓ Ter superados os estudos do Primeiro ciclo do Programa Experimental de Reforma das Ensinanzas Medias (REM).
 - ✓ Ter superados os cursos comúns de estudos de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.
- Académicos para acceso directo a 2º de Bacharelato:
 - ✓ Ter superado 3º de BUP e título de bacharel. Os alumnos/as nestas condicións poden matricularse en calquera modalidade de Bacharelato, independentemente da especialidade pola que cursaran o 3º de BUP.
 - ✓ Ter superado 1º curso completo do bacharelato LOXSE.
 - ✓ Ter superado 2º curso de Formación Profesional de 2º grao (réxime xeral), ou 3º curso de Formación Profesional de 2º grao (réxime de ensinanzas especializadas).
 - ✓ Ter superado 1º curso dunha modalidade de Bacharelato experimental.
 - ✓ Ter superado a segunda especialidade ou título de Graduado en Artes aplicadas e Oficios Artísticos.

2.- Circunstancias especiais de matriculación

- O alumnado que se incorpore ao bacharelato para persoas adultas con materias superadas do bacharelato ordinario, conservará a cualificación positiva destas.
- O alumnado maior de 25 anos, ou que os cumpra no curso escolar 2016-2017, poderá solicitar ante a dirección do centro a exención da materia de Educación física.
- O alumnado que se matriculara noutros centros no curso académico 2016-2017 e aprobara algunha materia por avaliación, para trasladarse ao IES San Clemente deberá aportar ademais coa súa matrícula un boletín de notas e poñelo en coñecemento do profesor correspondente.
- O alumnado que acceda ao bacharelato desde os ciclos formativos de grao medio de Formación Profesional específica ou de Artes aplicadas e Deseño poderá validar as materias de Bacharelato, de acordo co establecido na lexislación vixente.
- Se un alumno ou alumna se matricula de dúas materias de contidos progresivos, non poderá ser avaliado da de 2º sen ter superada, previamente, a de 1º.

3.- Lugares de matrícula

A matrícula de Bacharelato a distancia pódese realizar:

- Na secretaria do **IES San Clemente** de **Santiago de Compostela**, rúa San Clemente s/n, 15705, Santiago de Compostela Tlf. 981 58 04 96 <https://www.iessanclemente.net/> <https://goo.gl/8E73yL>
- Nas distintas EPAS de:
 - **A Coruña**: Centro EPA “Eduardo Pondal”, rúa Pepín Rivero s/n, CP 15011, teléfono 981 27 80 35.
 - **Ferrol**: Centro EPA “Sta. María de Carranza”, rúa Luís de Requeséns, s/n, CP 15406, teléfono 981 33 30 17.
 - **Lugo**: Centro EPA “Albeiros”, Parque da Milagrosa s/n, CP 27003, teléfono 982 21 60 33.
 - **Ourense**: Centro EPA, rúa Álvarez de Soutomaior, 4, CP 32002, teléfono 988 24 38 34.
 - **Pontevedra**: Centro EPA “Río Lézé”, Avda. De Buenos Aires nº26, CP 36002, teléfono 986 86 15 86.
 - **Vigo**: Centro EPA “Berbés”, rúa Marqués de Valterra nº8-1º, CP 36202, teléfono 986 22 55 79.
 - **Burela**: no IES “Monte Castelo”, rúa dos Matos, 27880, Lugo, teléfono 982 58 08 89.
- Por **correo ordinario**, recollendo o sobre de matrícula en calquera dos centros EPA, introducir nel toda a documentación que se relaciona no mesmo sobre de matrícula, e enviándoo ao seguinte enderezo:

IES San Clemente
(Matrícula Bacharelato)
r/ San Clemente s/n
Santiago de Compostela
15705 A Coruña

4.- Prazo de matriculación:

Do **15 de setembro ao 25 de novembro**, ambos incluídos.

Ata o **28 de abril**, sempre que o alumno ou alumna xustifique circunstancias excepcionais, debendo solicitalo por escrito á dirección do IES San Clemente.

Nota importante: O calendario de exames e titorías estará á disposición dos alumnos e alumnas no IES San Clemente e nos Centros EPA na primeira semana de outubro; tamén será publicado na páxina web:

<https://www.iessanclemente.net/>, que deberá ser consultada continuamente polo alumnado ao longo do curso como medio de comunicación oficial do centro.

7.- Aula virtual

O alumnado matriculado nestas ensinanzas debe darse de alta na Aula Virtual que hai na páxina web do IES San Clemente, coa finalidade de seguir o proceso de aprendizaxe a través das guías electrónicas e como medio de comunicación co profesorado. Os pasos a seguir son os seguintes:

1. Entrar en <https://www.iessanclemente.net/>
2. Pulsar en [Rexistro]
3. Poñer o número do DNI coa letra, sen guión e sen espazos, e a data de nacemento co formato dd/mm/aaaa. Por exemplo “28/06/1978”.
4. Pulsar aceptar e cumprimentar todos os datos que se solicitan. A clave deberá ter entre 5 e 10 letras.
5. A partir de agora poderá entrar na páxina principal poñendo como usuario o número do DNI e como contrasinal a clave que puxo anteriormente (no punto 4).